

# Lucía veu, con Andreu

por Xosé Neira Vilas

Víñase anunciando, víñase dicindo... e todo quedaba nun balbor: Lucía e Andreu, o seu home, andaban polas vilas de lonxe, e logo polos arredores, pero non acababan de chegar a nosa aldea.

Nós rabeabamos por ver aquel espectáculo do que tantos falaban. Non nos importaba o que fose, pois tampouco podíamos andar en xogo de comparanzas. A este lugarexo nunca viña nada.

Sin máis, chegou a nova: Lucía e Andreu apousarían aquí dous días. E todos reloucamos por adiantado. Todos.

O Fernando e máis eu iamos cogando para o monte, unha mañán que non había escola por mor dunha data oficial, e vimos vir un camionciño vello que fungaba sorralleiras adiante.

—¡Lucía! —berrei eu, e unha muller sorreume dende a cabina.

Nin magosto de piñóns, nin subio-tes, nin paxareiras... Nada. Todo o noso cavilar estaba naqueles forasteiros do camionciño. Voltamos de seguida.

Unhas tubaxes de ferro, unha lona verde, uns sentadoiros desencartados, e pouco máis. Aquela parella abelenciosa —disque eran cataláns— armou axiña a estangurriada. Cando anoiteceu acenderon varias luces de carburo. A xente foi chegando. Lucía cobraba as entradas e o Andreu tocaba un trombón na porta, coma chamando ós veciños.

Sería longo contalo polo miúdo. E tampouco recordo todo. Recordo, eso si, a Lucía, pelo solto e vestido rechamante, cantando con repentinexo, e tamén bailando un tango co seu home. Recórdoa no trapecio, abaneándose perigosamente mentras o Andreu lle daba xeito a un acordeón. Recordo aquel xogo entre os dous, de palitroque vai e palitroque vén, e logo os coitelos escintilantes que quedaban espetados nunha táboa, e os paniños de seda (verdes, azuis, alaranxados), e a pomba rebuldeira, e os ovos que baixaban do teito, e o tronzador fendendo unha ucha, e aquela espada gorxa abaixo... ¡Que sei eu!

Víase que era ela quen rexía, quen falaba coa xente, quen lle dicía ós ra-

paces que entrasen anque non tivesen cartos.

E nós aloleados, case namorados de Lucía, vendo todo aquilo por primeira vez, cavilando que esta aldea era algo, algo máis ca estrume e lameiras. Que se viñera Lucía, virían outros...

Houbo unha segunda función, na que tamén estivemos. E o terceiro día fóronse. O Fernando e máis eu axudámoslles a recoller asentos, panos, tubaxes. Gardamos os trebellos da maxia, encartamos vestidos e cordas, puxemos no seu lugar cada argola, cada instrumento de música.

Como era cedo, sentámonos na erba todos catro. Andreu falaba pouco. Ollaba por veces o reloxo e acenaba para o camiño. Pero Lucía non lle facía moito caso. Lucía quería saber de nós, da escola, da nosa andaina, dos xogos, do traballo, da familia, dos veciños.

Lucía era unha muller agarimosa. Alí sentada non nos parecía tan nova coma cando a viamos cantar e bailar. Era leda, falangueira, pero víaselle nos ollos que lle doía a vida. Algo así. No romate deunos caramelos e can-



denseu bico. E marcharon.

Nós quedámonos coma papóns. O camión fungaba camiño abaixo, coma soletreando un non-dou-máis. Tras

del quedaba un nubeiro de foula. O camión viña a ser coma un anaco daquela parella andarega. Sin el non poderían moverse. O camión fóisenos

apequenando; xa non era máis ca un lixo, unha cativa arumia no horizonte. Logo, nin eso: desapareceu nunha volta do camiño.